



ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO E CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL

EXP.: 2022/E001/000056

A Alcaldía con data 12-07-2022 , ditou a Resolución 836/2022 que a continuación se transcribe:

"[...]

Primeiro.- Declarar a necesidade e a urxencia da formación dunha bolsa de emprego e contratación de dous socorristas para a piscina municipal de Vimianzo, dando cumprimento ao requisito que esixe o artigo 20 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022.

Segundo.- Aprobar a bolsa de traballo de socorristas de piscina segundo se establece na seguinte relación:

BRAIS REY QUEIJO	[REDACTED]	3,25
ROI CAAMAÑO CUNDÍNS	[REDACTED]	2,75


Terceiro.- Dispoñer a contratación das dúas persoas que constitúen a bolsa con data de inicio o 13/07/2022 e data de finalización o 17/09/2022, a xornada completa, con contrato por circunstancias da produción (Art. 15, punto 2 do Estatuto dos Traballadores), código de contrato 402. As retribucións son as que figuran nas bases e os horarios establécenos o Concello de Vimianzo en función do programa da piscina municipal.

Ao contrato deben engadírselle as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

"[...]

RECURSOS: Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación (mediante o anuncio, segundo a base 9ª). Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Vimianzo, 12 de xullo de 2022


Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa de Vimianzo

